

CRÉDITO AO CONSUMO

Que é un crédito ao consumo?

É o diñeiro que che presta un banco ou unha entidade financeira para que poidas comprar algo que necesitas ou desexas.

Por exemplo: un teléfono, un computador, roupa ou unha viaxe.

Teño que devolver todo o diñeiro dunha soa vez?

Xeralmente, non.

Podes devolver o diñeiro aos poucos en cantidades que adoitan ser mensuais. Estas cantidades chámanse **cotas**.

As cotas páganse, normalmente, cada mes durante o tempo que acordes no contrato.

Só teño que devolver o diñeiro que me prestaron?

Non. Ademais do diñeiro que che prestaron, tamén tes que pagar, se así o acordaches:

- **Xuros:** é o prezo que che cobra o banco por prestarche o diñeiro.
Os xuros que tes que pagar están pactados no contrato.
- **Comisións:** cantidade de diñeiro que os bancos cobran, normalmente en forma de porcentaxe, por xestionar unha compravenda ou facer outras operacións.
Por exemplo, unha comisión por formalizar o crédito.

Podo elixir como pagar?

Si. Podes elixir:

- Canto queres pagar cada mes.
- Durante canto tempo vas a devolvelo.
É dicir, en cantas cotas queres devolvelo.
Por exemplo, 6 meses, 24 meses ou 36 meses.
Normalmente, é o banco ou a entidade financeira a que che ofrece os prazos para que elixas os que mellor se adapten a ti.

Isto decídelo ao asinar o contrato.

Que pasa se elixo pagar en máis tempo?

Podes elixir en cantos meses queres devolver o préstamo de entre os que che ofrece o banco ou a entidade financeira.

Debes saber:

- Se elixes **máis meses**, as cotas serán **máis baixas**, pero pagarás **máis xuros**.
- Se elixes **menos meses**, as cotas serán **máis altas**, pero pagarás **menos xuros**.

Que debo facer antes de pedir un crédito?

Antes de pedir un crédito, é importante:

- Ler e entender todas as condicións.
- Saber canto pagarás cada mes e durante canto tempo.
- Saber os xuros que vas pagar.
- Saber se hai outras comisións ou custos.
- Elixir o número de cotas e canto vas pagar en cada unha.
- Debes decidilo segundo o que poidas pagar.
É dicir, segundo os teus ingresos e os teus gastos.

Por que é importante usar ben os créditos ao consumo?

Porque se non podes pagar as cotas que acordaches terás problemas co banco ou entidade financeira que che prestou o diñeiro.

Para evitalo, é importante:

- Controlar os teus gastos.
- Pedir créditos cando sexa necesario.
- Usar o crédito de forma responsable.

Así evitarás ter débedas que non poidas pagar.